

MATERIA

Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos
(Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)

TITULACIÓN

Grao en Xornalismo

unidade
didáctica
12

Ciencias Sociais e Xurídicas

Liberalismo

Elena Rosalía Rodríguez Fontenla

Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2017

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16954-14-8

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416954148>

**MATERIA: Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos
(Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)**

TITULACIÓN: Grao en Xornalismo

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE 1: INTRODUCCIÓN Á CIENCIA POLÍTICA

Unidade I. Ciencia e política

- O coñecemento da política
- Ciencia política normativa e empírica
- Institucionalización da ciencia política

Unidade II. Concepto de política

- Concepto de política e a súa relación co concepto de poder
- Política e moral
- Ante a fin da política?

Unidade III. Estado e Sistema político

- A política antes do Estado
- O Estado como organización política: elementos constitutivos. Formas de Estado
- O esgotamento do Estado
- O sistema político

BLOQUE 2: INSTITUCIÓNS E RESULTADOS

Unidade IV. Democracia, Poliarquías e réximes non democráticos

- Dende a democracia dos clásicos ás poliarquías contemporáneas
- O estado liberal-democrático: auxe e desgaste
- Novos modelos de democracia
- Réximes non democráticos

Unidade V. Distribución territorial do poder

- Estados unitarios
- Estados compostos: Confederación, federación e autonomía
- Goberno multinivel e gobernanza

Unidade VI. Executivos e administracións

- A noción de goberno e formas de goberno
- Organización
- Concepto e modelos de administración pública
- Executivos duais e Executivos monistas
- Os debates contemporáneos sobre o peso do executivo en detrimento do parlamento

Unidade VII. Políticas públicas

Concepto de políticas públicas, enfoques e teorías
Fases do proceso e toma de decisións
Condições económicas e sociais da actuación política

Unidade VIII. Parlamentos e representación

A representación no antigo réxime
Representación moderna e o concepto de mandato representativo
Estrutura, composición e funcións dos parlamentos

Unidade IX. Sistema electoral

Funcións das eleccións
Características do sufraxio electoral democrático
Condições do elector
Deseño dun sistema electoral: os seus compoñentes
Efectos do sistema electoral
O sistema electoral español: principais atributos
Liñas de debate actual na ciencia política

Unidade X. Poder xudicial

Elementos para o estudo do sistema de xustiza
Aparato policial, fiscalía, xurado, outros operadores

Unidade XI. Sistemas políticos comparados

Sistema político galego e español
Sistema político europeo
Sistemas políticos: países europeos, Norteamérica e Canadá
Sistemas políticos: América latina
Sistemas políticos: Rusia, Asia, África

BLOQUE 3: IDEAS E IDEOLOXÍAS POLÍTICAS E MOVEMENTOS POLÍTICOS E SOCIAIS**Unidade XII. Liberalismo**

Introdución ao estudo da ideoloxía política do liberalismo
Contextos históricos e teóricos: os significados liberais de liberdade
Liberalismo no século XXI

Unidade XIII. Socialismo e comunismo

Introdución ao estudo da ideoloxía política do socialismo
Contextos teóricos e históricos: orixes do socialismo, Marx, Comunismo e socialdemocracia
Socialismo e Comunismo no século XXI

Unidade XIV. Anarquismo. Conservadorismo. Republicanismo. Comunitarismo

Anarquismo
Conservadorismo
Republicanismo
Comunitarismo

Unidade XV. Fascismo. Fundamentalismos relixiosos. Populismos

Fascismo
Fundamentalismos relixiosos
Populismos

Unidade XVI. Nacionalismo. Multiculturalismo

Nacionalismo
Multiculturalismo

Unidade XVII. Feminismo. Ecoloxismo. Antiglobalización

Feminismo
Ecoloxismo
Antiglobalización

BLOQUE 4: ACCIÓN POLÍTICA, ACTORES POLÍTICOS**Unidade XVIII. Acción colectiva, grupos de interese e movementos sociais**

Acción colectiva, democracia e asociacións de intereses
Modelos de acción colectiva
Grupos de interese
Os Movementos sociais: proceso decisorio, organización, medios de representación, descontento e acción

Unidade XIX. Partidos políticos

Concepto de partido político
Orixe e desenvolvemento e tipoloxías
Funcións, estrutura interna, dirección e financiamento
O sistema de partidos políticos

Unidade XX. Comunicación política e opinión pública

Política e comunicación
Proceso de comunicación
Estratexias e campaña electoral
Comunicación en masa e novas tecnoloxías
Enquisas e sondaxes
A opinión pública

Unidade XXI. Cultura política

Concepto e estudo da cultura política
A socialización política
Funcións da cultura política

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OS OBXECTIVOS

A METODOLOXÍA

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de textos
2. Comentarios críticos a partir do visionamento de documentais ou películas
3. Debates na aula a partir de cuestións de actualidade
4. Outras

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción ao estudo da ideoloxía política do liberalismo
 - 1.1. O liberalismo: a súa posición dominante en tanto ideoloxía política
 - 1.2. O concepto de “liberalismo”. O estudo da ideoloxía liberal
 - 1.2.1.O núcleo do liberalismo: significados disputados
 - 1.2.2. O estudo da morfoloxía ideolóxica do liberalismo
2. Contextos históricos e teóricos: os significados liberais de liberdade
 - 2.1. Principais debates teóricos na teoría política liberal
 - 2.2. Liberalismo clásico
 - 2.2.1. Liberalismo en Inglaterra
 - 2.2.2. Liberalismo en Francia
 - 2.2.3. Liberalismo en Alemaña
 - 2.2.4 Liberalismo conservador
 - 2.3. Liberalismo radical ou moderno
 - 2.4. A reformulación contemporánea do Liberalismo
 - 2.4.1. Liberalismo progresista ou social
 - 2.4.2. O neoliberalismo
3. Liberalismo no século XXI

AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual
2. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

1. Exemplos de textos
 - Comentario de Texto 1)
 - Comentario de Texto 2)
 - Comentario de Texto 3)

PRESENTACIÓN

A presente Unidade Didáctica é a duodécima das que constitúen o conxunto do programa docente da materia Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos, materia obrigatoria (código G3031V01) do primeiro curso do Grao de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. A materia é impartida no primeiro semestre, e ten unha carga lectiva de 6 créditos ETCS no plan de estudos do grao. Un 50 % do horario ten carácter interactivo mentres que o 50 % é de tipo expositivo. A programación docente da materia estaría constituída por 21 unidades didácticas.

XUSTIFICACIÓN

A presente unidade didáctica xorde da necesidade de transmitir ao alumno a importancia do estudo das ideas e ideoloxías políticas contemporáneas na súa formación como futuro xornalista. A comprensión das actitudes e comportamentos dos diversos actores políticos no seo dunha política democrática esixe o coñecemento das ideas que estruturan non só a existencia dos movementos políticos e sociais que lle dan forma senón tamén a percepción cognitiva da realidade política e social que temos cada un de nós en tanto cidadáns e actores políticos.

Á súa vez, o funcionamento e conformación das institucións políticas sería incompreensible sen o coñecemento destas ideas e ideoloxías políticas. Deste modo, as ideoloxías aportan modelos normativos sobre como debe ser ordeada a realidade política, sendo así un factor relevante á hora de explicar o sentido e a natureza desas institucións políticas.

Neste senso, o estudo das ideas e ideoloxías políticas contemporáneas poderíase dicir que comeza co liberalismo. A difusión das ideas liberais recibe un impulso coincidindo co tránsito do antigo ao novo réxime no seo das antigas monarquías europeas estamentais. Será a finais do século XVIII e inicios do XIX, co gallo das revolucións políticas e sociais burguesas e a consolidación da sociedade industrial, que o liberalismo se conforme como unha ideoloxía radical en varios países occidentais. Só comprendendo como xurdiu e se desenvolveu o liberalismo é posible comprender o nacemento e evolución das outras grandes ideoloxías políticas contemporáneas.

A presente unidade didáctica, de título «Liberalismo», é a primeira que constitúe o bloque sobre ideas e ideoloxías políticas e movementos sociais contemporáneos. A través do seu desenvolvemento, intentarase transmitir ao alumnado a importancia de comprender a complexidade das ideoloxías políticas como fenómenos que enmarcan a acción e dos actores políticos así como a contorna das institucións públicas no seo das democracias contemporáneas. En primeiro lugar, transmitirase a necesidade de ter en conta a influencia do liberalismo político en tanto ideoloxía que pode cualificarse como a abandeirada das transformacións acontecidas no estado dende as sociedades do antigo ao novo réxime. En segundo lugar, tanto se concibimos a democracia como premisa ou como engadido posterior aos presupostos teóricos

liberais (García Guitián, 1998), comprender que o liberalismo é un dos ingredientes que xunto ás ideas, valores e institucións da democracia estruturarían a contorna de gran parte das sociedades políticas contemporáneas occidentais e non occidentais. Neste senso, a presente unidade didáctica recolle de maneira sintética unha serie de contidos e conceptos centrais á hora de comezar a comprender e estudar en máis profundidade os trazos e complexidade de dito conxunto ideolóxico.

Asemade, o carácter dos coñecementos aprendidos en dita unidade, xunto coas demais unidades dedicadas ás ideoloxías políticas e movementos sociais contemporáneos constitúe unha base esencial para a comprensión e análise da política contemporánea que se esixe na formación especializada de todo xornalista e complementábase cos contidos aprendidos noutras materias do grao como, sobre todo, Historia do mundo actual (1/1. FB)

Os contidos desta unidade didáctica diríxense ao alumnado de 1º ano do grao de xornalismo é constitúe unha materia de carácter obrigatorio dentro do plan de estudos do grao. A maior parte dos contidos desenvolveranse nunhas catro horas de docencia aproximadamente, das cales unha e media serán de carácter expositivo e as dúas e media restantes de carácter interactivo.

OS OBJECTIVOS

1. Obxectivos xerais

Os obxectivos Xerais (**OX**) da materia «Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos» son os seguintes:

O.X.1.- Coñecer e situar as principais teorías e paradigmas da ciencia política a través do estudo dos actores e as institucións políticas. Recoñecer algunhas das teorías e enfoques máis relevantes que xiran en torno a conceptos como política, poder, autoridade e lexitimidade.

O.X.2.- Introducción ás teorías sobre o poder e a súa lexitimación, a relación entre moral e política e comprender a complexidade do concepto de política.

O.X.3.- Comprender e assimilar os conceptos e nocións básicas para a análise política e aprender a construír un marco teórico e interpretativo para dita análise.

O.X.4.- Comprender a diferenza entre analizar a política dende un enfoque normativo e un empírico e aprender a ser conscientes a nivel subxectivo da súa utilización.

O.X.5.- Comprender a importancia dos debates centrais da disciplina así como desenvolver a capacidade crítica para adoptar unha postura razoada sobre os mesmos.

O.X.6.- Desenvolver a capacidade de análise e reflexión crítica da actualidade política e da ciencia política dende a elaboración razoada e desapaixonada dos argumentos e posturas e fornecer o vocabulario básico para exercer o xornalismo especializado na política, perfeccionándose na habilidade de elaborar argumentacións de calidade tanto no rexistro oral como escrito.

O.X.7.- Desenvolver a comprensión como actor político e cidadá dende o o fornecemento das habilidades necesarias para un debate público e democrático de calidade.

O.X.8.- Manexar como conceptos fundamentais a noción do estado como organización política e comprender a importancia da noción de sistema político.

O.X.9.- Coñecer os conceptos fundamentais para a análise dos procesos e estruturas políticas e administrativas en especial no que atinxe os diferentes tipos de réximes e formas de goberno e tipos de estado; e analizar os diversas configuración dos sistemas de poderes: executivos e administración, parlamentos e poder xudicial.

O.X.10.- Adquirir un coñecemento fundamental do funcionamento das democracias contemporáneas e dos mecanismos de representación democrática en relación os réximes non democráticos e ser capaz de analizar e valorar a nivel empírico as dificultades que atravesan os países en vías de democratización.

O.X.11.- Estudar os aspectos fundamentais dos sistemas de partidos e dos sistemas electorais presentes en todo sistema político dende unha perspectiva teórica e empírica.

O.X.12.- Coñecer os diversos modelos e sistemas de distribución territorial do poder analizando a súa complexidade e estudando nos principais debates contemporáneos suscitados sobre as vantaxes e inconvenientes de cada modelo.

O.X.13.- Coñecer as teorías principais sobre a relación política, a cidadanía, a acción política e adquirir unhas nocións fundamentais para comprender a natureza dos principais actores políticos: partidos, grupos de presión, medios de comunicación e dos movementos sociais contemporáneos (ecoloxismo, nacionalismo, feminismo, antiglobalización).

O.X.14.- Comprender o funcionamento dos principais compoñentes a nivel político e institucional que conforman o sistema político español, europeo e galego así como manexar os principais conceptos constitucionais a través dunha análise comparativa.

O.X.15.- Estudar a política en tanto resultado afondando no coñecemento do ciclo das políticas públicas, así como a dinámica da burocracia e administración pública, os grupos de presión e demais actores de políticas.

O.X.16.- Coñecer as principais familias de ideoloxías políticas dende a súa complexidade e variedade interna e entender a súa dinámica dende un coñecemento académico da dinámica das ideoloxías políticas. Introducirse no estudo dos pensadores, argumentos e conceptos máis significativos.

Para o tema 12 da materia -que constitúe o obxecto desta unidade didáctica- establécense os seguintes obxectivos específicos **(O.E.)**:

O.E.1.- Comprender a complexa conexión entre as ideas, ideoloxías ou o pensamento na súas dimensións política social e económica coa realidade política en ditas dimensións e saber elaborar explicacións das transformacións das ideas e a realidade sobre a base de dita comprensión.

O.E.2.- Analizar as ideoloxías na súa dimensión espacial e temporal, atendendo aos significados dos conceptos no seu contexto específico e saber manexar os conceptos principais dos diversos modelos de estudo das ideoloxías.

O.E.3.- Manexar as diversas teorías que delinean o núcleo distintivo da morfoloxía ideolóxica do liberalismo e ser capaz de contrastar na amplitude do nivel empírico a súa idoneidade.

O.E.4.- Coñecer as principais contribucións dos autores máis destacados da corrente do liberalismo situando as súas ideas no seu propio eido contextual.

O.E.5.- Analizar as teorías e ideas políticas e económicas centrais do liberalismo, en especial en torno ao estado de natureza, o individuo, a sociedade, e o estado.

O.E.6.- Valorar os diferentes significados de conceptos políticos fundamentais atribuídos polas diversas correntes do liberalismo, comparándoos cos manexados dende outras ideoloxías

O.E.7.- Afondar na complexidade da conexión entre o liberalismo e outras ideoloxías contemporáneas sobre a base dos significados dos conceptos centrais de ditas ideoloxías.

O.E.8.- Valorar o estatus do liberalismo nas últimas décadas do século XXI no seo da complexidade dun espazo ideolóxico marcado pola fin da política dos bloques, a globalización, o auxe dos fundamentalismos e nacionalismos, así como polas demandas do multiculturalismo, os novos movementos sociais e a crítica posmoderna.

Estes obxectivos específicos, pola súa transversalidade, adiantan moitos dos contidos de cada un dos obxectivos xerais, pero sobre todo irán encamiñados á consecución dos xerais 3, 6 e 16.

A METODOLOXÍA

Os contidos desta unidade didáctica desenvolveranse a través de clases expositivas e interactivas. Os contidos teóricos serán expostos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas e a realización de esquemas no encerado. Asemade, boa parte dos contidos teóricos desenvolvidos nas aulas estarán dispoñibles para todo o alumnado no Campus Virtual, onde xunto coas presentacións con diapositivas achegaranse os artigos e documentos que constitúen a bibliografía básica da unidade didáctica.

As clases prácticas centrarán boa parte da metodoloxía desta unidade didáctica. A dinámica será de tipo interactivo motivándose en todo momento a continua participación dos alumnos a partir das instrucións sinaladas a tales efectos. Os soportes para o desenvolvemento das prácticas serán de tipo audiovisual e textual. Porase a dispor do alumnado tanto no Campus Virtual coma na aula os esquemas, instrucións e demais material pertinente e necesario para guiar ditas prácticas.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de textos

Nas sesións interactivas realizaranse comentarios de carácter individual ou en grupo sobre fragmentos de textos que xirarán en torno a unha serie de cuestións e preguntas deseñadas co fin de aplicar os contidos aprendidos nas clases expositivas e de examinar as teorías dende un enfoque analítico. Algúns dos comentarios traeranse preparados xa da casa para facilitar a posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase, e outros realizaranse de forma presencial logo da lectura ou visionamento do contido pertinente.

Os comentarios de texto servirán de estímulo para o comezo das reflexións sobre as cuestións teóricas centrais da unidade didáctica. Centraranse entre outras na análise de diversas liñas teóricas dentro do pensamento liberal co obxecto de identificar os conceptos e teorías fundamentais das principais variantes da ideoloxía política do liberalismo.

No anexo 1 amósasen a modo de exemplo algúns dos textos que serán materia de ditas clases interactivas.

2. Comentarios críticos a partir do visionamento de documentais ou películas

Xunto ao comentario de fragmentos de textos poderase suxerir asemade a realización dunha actividade práctica a partir do visionamento dalgún fragmento de películas ou documentais sobre o tema. O obxectivo da actividade será que o alumno visualice mellor os contidos da unidade. Dito visionamento comezarase a proxectarse na aula e continuarase na casa. Finalmente, procederase á elaboración dunha recensión crítica do material que permita ao alumno manexar os coñecementos adquiridos nun marco máis amplo e dinámico. O traballo será obxecto dunha posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase.

No anexo 1 amósanse algúns dos documentais ou películas que serán propostos a modo de exemplo. Xa na aula ofrecerase a posibilidade de que os propios alumnos propoñan e opten por realizar a actividade a partir dalgún outro documental ou película de relevancia para o tema da súa suxestión.

3. Debates na aula a partir de cuestións de actualidade

Organizaranse un total de tres debates co obxecto de fomentar a capacidade argumentativa en torno a cuestións chave do contido desta unidade didáctica. Para tales efectos, organizaranse grupos de catro ou cinco alumnos aos cales se lles será asignada a defensa dunha particular liña argumentativa. Para a preparación de tales debates será preciso un labor previo de revisión bibliográfica co obxecto de apoiar a postura correspondente co maior número de argumentos posibles. O sentido da actividade é o de saber manexar nun sentido crítico e non ideolóxico os conceptos e teorías do liberalismo no marco das demais familias ideolóxicas obxecto das seguintes

unidades e valorar a permanencia e o cambio dos discursos e significados de dita ideoloxía política. Os debates realizaranse nas últimas clases que pechen os contidos desta unidade didáctica, en aras de que o alumnado poida aplicar así a totalidade dos contidos aprendidos á propia análise da actualidade.

4. Outras

Ao longo das clases expositivas intercalaranse actividades de breve duración dirixidas especificamente a ilustrar dunha forma máis visual o contido expositivo e motivar así o interese e participación do alumnado. Neste senso enunciaranse exercicios colectivos que xiren en torno a definición de conceptos centrais da unidade didáctica co fin de estimular ao alumno a aproximarse a definicións máis complexas a nivel académico.

OS CONTIDOS BÁSICOS

O liberalismo, en tanto tradición intelectual e movemento político moderno, nace entre os séculos XVII e XVIII. “Liberal” en tanto adxectivo provén do latín “liberalis” e é utilizado por primeira vez cun sentido político en 1810 con ocasión da revolución liberal en España. O sistema de pensamento que deu lugar a movementos e partidos liberais durante o século XIX foise conformando dende finais do século XVII ao fío das teorías e ideas formuladas polo que deu en denominarse «liberalismo clásico». Deuse en afirmar que o liberalismo sería a destilación dun longo proceso que comezaría no Renacemento e maduraría na Ilustración. Con todo será no tramo que vai dende a guerra civil á Revolución Gloriosa de 1688 ao fragor da modernización da tradición política inglesa cando se formularán as ideas fundamentais desta corrente ideolóxica e a onde moitos pensadores políticos posteriores de varias nacións europeas dirixirán as súas miradas en aras de perfilar a contorna dun modelo constitucional liberal que dese fin ao Antigo Réxime. Con miras nese episodio revolucionario, a Revolución Americana de 1787 e a Revolución francesa de 1789 buscarían plasmar unha orde política e social liberal inaugurando unha vaga de revolucións burguesas ou liberais. Non obstante, numerosos historiadores atoparon moitas das ideas pertencentes a esta familia ideolóxica moito antes deses acontecementos histórico políticos, no que se podería denominar «a prehistoria do liberalismo». E, asemade, moitos liberais tratarían de buscar lexitimidade e prestixio para as súas ideas apelando a pensadores da Grecia e Roma clásicas ou ao pensamento cristián do medievo, en moitos casos descontextualizando ou distorsionando ditas ideas pretéritas. Así, por exemplo, a distinción entre dereito natural e convencional ou a idea da igualdade natural universal formulada por vez primeira polos sofistas, o pensamento de Pericles, a ética de Aristóteles, a tradición individualista romana plasmada no desenvolvemento do dereito privado, ao estoicismo, as ideas de igualdade universal e o individualismo do cristianismo (Gray, 1995).

Pero os comezos do liberalismo en tanto movemento político e de ideas na Europa moderna é, como dicíamos, máis tardío. Estudosos das ciencias humanas como filósofos, sociólogos ou economistas de finais do século XVII e, sobre todo, dos séculos XVIII e XIX situaron as bases do que constituiría o programa político, económico e social dos movementos liberais primeiro en Inglaterra, e posteriormente nos EUA e o continente europeo, estendéndose finalmente a outras zonas do mundo. O liberalismo é así considerado como un movemento político e ideolóxico que conformou os trazos fundamentais non só da historia occidental, senón tamén boa parte do deseño das sociedades de moitos outros países do mundo (Antón, 2005), así como a ideoloxía responsable de crear as regras de xogo fundamentais das democracias modernas (Vallespín, 1997).

1. Introducción ao estudo da ideoloxía política do liberalismo

1.1. O liberalismo: a súa posición dominante en tanto ideoloxía política

Cando se estuda o liberalismo sempre se parte dunha premissa: estamos ante unha ideoloxía, que en xeral, suscita de modo simultáneo tanto o apaixonado orgullo como a máis firme condena. Dende as últimas décadas, con motivo da caída do Muro do Berlín, numerosos académicos contemplan o escenario mundial dende a perspectiva ou ben dunha progresiva e inexorable converxencia ao paradigma liberal-democrático ou ben conciben que, entre outras, o liberalismo sería unha das ideoloxías e teorías políticas dominantes aínda que non sen disputa. Porén o liberalismo ao longo do século XX debátese na contradición de ser ao mesmo tempo unha forza electoral en declive así como unha cada vez máis estendida teoría e un conxunto de premisas e sentimentos considerados como neutrais e universais. Neste senso, a transformación do liberalismo dende unha ideoloxía a unha sorte de meta-ideoloxía capaz de servir de linguaxe universal e transversal do debate público. Unha ideoloxía dominante cuxos valores forxaron é ao mesmo tempo reflecten o carácter específico dos sistemas políticos, sociais e económicos de Europa Occidental (Bellamy, 2003). Unha visión que, tralo colapso do comunismo soviético a finais dos oitenta, transformárase, seguindo a difusión das ideas de Francis Fukuyama, no *dictum* triunfalista, e tan criticado, de que o liberalismo democrático non tería en realidade xa ningunha alternativa que negase o seu predominio en termos políticos.

1.2. O concepto de “liberalismo”. O estudo da ideoloxía liberal

1.2.1. O núcleo do liberalismo: significados disputados

O liberalismo sería para algúns máis un movemento que unha doutrina, en tanto sería un conxunto de ideas sobre o individuo, a sociedade e o poder que sería o obxecto de aplicación por parte de determinados grupos sociais. A idea de liberdade constituiría o seu concepto nuclear, concepto que vai parello á idea-valor de individualismo (Prieto, 1996). Non obstante, como veremos, non só a propia idea de liberdade como núcleo do liberalismo é disputada, e ademais en caso de

ser aceptada, o seu significado variará enormemente segundo a posición teórica particular na que nos centremos, algo que fará dubidar a uns da propia existencia dun núcleo ideolóxico. Non obstante, para outros, pese aos cambios histórico políticos e sociais acontecidos durante o seu desenvolvemento, as ideas primixenias do liberalismo non se transformaron perdendo totalmente a súa identidade. O liberalismo adquiriría diferente forma segundo a cultura nacional podendo discernir unhas características propias que distinguen mutuamente ao liberalismo francés, do inglés, do alemán ou do americano; pero dentro da diversidade a unidade sería un trazo a descubrir. Así, segundo Freedon (1998) o liberalismo sería indicativo, ante todo, de ideas e políticas encamiñadas á reforma ou á emancipación do individuo que terían como núcleo o concepto de liberdade. Con todo, numerosos enfoques analíticos salientarían a idea de que non existiría o “liberalismo” como un referente conceptual único e non ambiguo.

1.2.2. O estudo da morfoloxía ideolóxica do liberalismo

A procura dun núcleo permite tanto evitar o esencialismo consistente en esbozar os trazos ideais dun liberalismo que ao ser puramente abstractos non responden á diversidade empírica de dita ideoloxía, como eludir o historicismo extremo que se deriva do estudo casuístico de cada manifestación socialista esquecendo os atributos máis ou menos comúns que unen a todas as súas manifestacións tanto xeográfica como historicamente (Freedon, 1998).

Así, dende unha perspectiva morfolóxica adoitaríase a buscar as diferenzas entre diversas manifestacións liberais nas diversas definicións atribuídos ao conxunto da súa estrutura conceptual, estrutura que xiraría ao redor dun certo núcleo conceptual común á familia ideolóxica liberal. Un núcleo, que, expresado dentro de certos límites en significados específicos de nocións centrais non sería, debe insistirse, algo totalmente fixo e absoluto pero si aproximativo á hora de englobar diversas correntes e expresións ideolóxicas na etiqueta de «liberalismo».

Neste apartado veremos así como a partir do estudo deste núcleo é posible o estudo da morfoloxía do liberalismo. Así, a partir do determinado significado atribuído á noción de liberdade, perfilaríanse en cada unha das correntes liberais diferentes aínda que en certo modo semellantes significados en torno á individuo, a igualdade, a razón, a xustiza e unha longa lista de conceptos políticos de maior ou menor importancia dentro da morfoloxía ideolóxica liberal. Deste modo, poderíase afirmar que a partir dun mesmo núcleo sobre o cal xiraría o concepto de liberdade trazaríanse os significados respectivos de nocións como racionalidade, individualidade, progreso, sociabilidade, interese xeral e poder limitado e responsable (Freedon, 1998). Núcleo a partir do cal, tamén xirarían, por orde de importancia, conceptos como individuo, razón, tolerancia ou diversidade (Heywood 2012). Así, cada estudoso ofrece a súa propia interpretación da morfoloxía liberal, dentro dun horizonte bastante semellante.

2. Contextos históricos e teóricos: os significados liberais de liberdade

Existen tantas clasificacións sobre o liberalismo como autores que o estudan. Resulta útil recorrer a certas clasificacións estendidas para entender a expansión e as variades máis importantes desta ideoloxía así como os diferentes significados que se atribúen a conceptos centrais como liberdade, razón ou individuo. Neste senso, procederemos a distinguir entre o liberalismo clásico, o liberalismo conservador e o liberalismo radical englobando así, en base un conxunto de criterios básicos, correntes e tradicións moi heteroxéneas do liberalismo. Asemade, dende mediados do século XX asistiríase a un intento de reformular os postulados das tradicións liberais previas buscando a súa adaptación ao mundo contemporáneo. Estas denominacións que atenden á orde de sucesión histórica das correntes liberais son unhas das varias posibles, e adóptanse sen abandonar o entendemento morfolóxico das ideoloxías e sendo conscientes de que dita opción terminolóxica é unha ferramenta heurística e non un intento de encaixar nuns límites conceptuais cada unha das tradicións concretas do liberalismo. Neste apartado, centrarémonos nas principais correntes identificables e por tanto sen ningún ánimo de exhaustividade.

2.1. Principais debates teóricos na teoría política liberal

Ao fío de percorrer nunha perspectiva histórica a evolución intelectual das diversas correntes liberais, recalarase nos principais debates teóricos suscitados no seo das mesmas. Así, abordaranse cuestións como as nocións liberais de individuo, natureza humana e sociedade. Asemade, analizarase cales son as premisas liberais máis estendidas en torno a concepción da comunidade e a obrigação política, o papel dos fins do estado e as nocións de poder e lei.

Á hora de representar as vetas teóricas do liberalismo, moitos teóricos político recorren á descrición, sen que isto implique esquecer non só a heteroxeneidade deste conxunto ideolóxico senón tamén a propia diversidade e complexidade de ideas presentes nun mesmo autor.

Así, dende unha perspectiva metateórica, o liberalismo podería estar preso dunha serie de debates e confrontacións sobre os cales pivotan importantes e permanentes discusións.

Así, para Miller (1991) o liberalismo situaríase como unha máis, e non a única, corrente que concibe a liberdade como valor primordial. Fronte á liberdade liberal, situaríase a liberdade republicana e a liberdade idealista, as cales manexan diferentes e ata contrapostas premisas filosóficas e éticas en torno á política.

Asemade, estudaremos como moitos dos debates máis importantes da teoría política liberal xiran en torno ás tensións entre a noción de liberdade negativa, liberdade positiva e liberdade republicana. Á súa vez, existiría unha polémica en torno á comprensividade da propia teoría liberal, con posturas que defenden un liberalismo político, ou, a maiores, tamén unha ética liberal ou unha metafísica do liberalismo. Polémica que iría parella á existente en torno ao alcance do liberalismo, isto é, se a teoría liberal debería ser aplicada a todas ou, pola contra, non a todas as

comunidades políticas, con discusións atinentes ao cosmopolitismo ou nacionalismo, e ao estatuto dos grupos non liberais.

Por outra banda, a confrontación entre o vello e o novo liberalismo constituiría outra constante liña de confrontación no entendemento desta familia ideolóxica. Para outros, unha das principais dicotomías a salientar serían en cambio as que se perfilarían entre a existencia dun liberalismo de tipo universalista e un de tipo pluralista. (Heywood, 2012)

2.2. Liberalismo clásico

A reivindicación da liberdade e a autonomía do individuo faise dende principios teóricos distintos no primeiro liberalismo. Deste modo, o liberalismo preséntase desde os seus comezos como unha familia ideolóxica na que se combinan posturas iusnaturalistas, utilitaristas, historicistas, e da filosofía transcendental. (Abellán, 1998)

Caracterizada por diferentes niveis de coherencia interna e evolución histórica, o liberalismo preséntase como unha familia ideolóxica que adquire unhas características propias segundo o país e contexto histórico no que se exprese.

Na era do mundo preindustrial, o primeiro liberalismo termina cando se consolida a sociedade industrial. Ante a proliferación de conflictivos intereses de grupos e clases sociais e ante a crise de 1870, o liberalismo non sabe dar unha resposta: as reivindicacións son de maior protagonismo do Estado. Pero case todos os liberais poñían límites á democracia. Así, o liberalismo vaise convertendo nunha ideoloxía de clase máis estreita. Pero no tocante ao liberalismo clásico, o seu legado é, a día de hoxe, universalizable. Xunto ao caso inglés, paradigma da transformación liberal sen revolución, os casos das revolucións liberais en Francia e EUA exemplifican, coas súas respectivas diferenzas, o anhelos de materializar a idea de controlar, frear e dividir o poder, sentando as bases dun movemento en prol das Constitucións como mecanismos fundamentais dunha forma de Estado capaz de garantir e protexer a individualidade e liberdade do individuo na sociedade. Así, froito deste primeiro liberalismo, aséntase o dobre valor xurídico e político das Constitucións (Blanco Valdés, 2006), un valor que segue rexendo o horizonte normativo das democracias liberais contemporáneas.

2.2.1. Liberalismo en Inglaterra

Inglaterra foi o escenario onde as ideas e valores fundamentais do liberalismo arraigaron por primeira vez de xeito que se podería denominar «o país do liberalismo» (Prieto, 1996). Neste senso, esta epígrafe ocupará unha parte extensa do programa desta unidade, en tanto, cómpre entender a partir de que ideas e nocións contextuais unha gran parte do movemento liberal adoptaría a súa identidade posterior.

Entre a guerra civil e la revolución de 1688 comezan a manifestarse unha serie de grupos e actores sociais que serán claves para a expansión das ideas liberais na orde política do país: os niveladores e os disidentes. Os niveladores serían os pequenos

propietarios e disidentes do exército de Cromwell. Constitúen un movemento moi radical na época ao defender os dereitos fundamentais ou o consentimento a un goberno con poderes limitados como base da lexitimidade política así como a demanda de tolerancia e liberdade relixiosa de disidentes e inconformistas da Igrexa anglicana. Todos estes ataques conflúen na creación do movemento puritano, o cal demanda a independencia eclesiástica e a organización prebisteriana –de assemblea– non episcopalista dos seus membros. Trala revolución de 1688 acadaríase finalmente un compromiso de tolerancia cos disidentes protestantes, e, sobre todo en 1689, proclámase a *Declaration of Rights*, peza chave dun longo proceso histórico non revolucionario de transformación política no país inglés.

No eido do pensamento, sinálase a John Locke (1632-1704) como unha gran fonte de inspiración do liberalismo ou mesmo a expresión clásica do primeiro liberalismo, o cal, o mesmo ano que apróbase a *Declaration of Rights* publica a súa obra *Two Treaties of government*.

Xa entrado o século XIX, os industriais reclamarán liberdade absoluta para as súas actividades, uns intereses que inevitablemente chocarán cos dos terratenentes. Baixo a bandeira a favor do libre comercio, axitada por Richard Cobden, fórmase un grupo de presión que pide a adopción de medidas como o librecambio ou a derogación das tarifas proteccionistas na agricultura. Este conxunto de reivindicacións recibiría a denominación de liberalismo económico manchesteriano.

Posteriormente, os filósofos morais escoceses e os economistas clásicos articularían unha concepción do capitalismo e da economía do *laissez faire* cuxas críticas e desenvolvementos ocuparían gran parte do groso dos debates de natureza económica e ética dentro da teoría política liberal. Destacarían nesta tradición, Adam Smith (1723-1790) ou David Ricardo (1772-1823). Os pensadores destas correntes difundirían a concepción da sociedade como eido de actividades espontáneas ou a noción da división del traballo como principio que serve de base para a creación da riqueza. Como teorizadores da idea de liberdade económica e defensores dun estado non excesivamente intervencionista, conciben en liñas xerais unha teoría do valor que caracterízase por postular como distribución xusta aquela que é exclusivamente derivada do intercambio libre.

No tocante ao utilitarismo, ou corrente dos radicais filosóficos, Jeremy Bentham (1748-1832) sería o responsable de acuñar o coñecido principio da «maior felicidade do maior número». Un conxunto teórico caracterizado polo rexeitamento da teoría dos dereitos naturais dende a postulación dunha nova base moral para o liberalismo. James Mill (1773-1836) proseguiría coa difusión do pensamento do seu amigo Bentham.

2.2.2. Liberalismo en Francia

Os discursos contra o absolutismo por parte de nobres franceses da *Fronde* a finais do século XVII constitúe unha das primeiras grandes críticas ao absolutismo nesta área xeográfica. A ilustración francesa provería dunha inxente carga teórica

para a mentalidade liberal e trala Revolución moitos liberais pugarían por defender o legado da Revolución aínda que rexeitando as derivas radicais do xacobinismo.

Nesta tradición nacional, despunta, entre outras, unha fértil corrente de pensamento ilustrado así como a da Escola fisiocrática, todas as cales fundamentarían o liberalismo sobre diversos postulados filosóficos e éticos.

Ch. de S. Montesquieu (1689-1755) destaca pola súa decisiva análise do despotismo e pola clasificación sistemas de goberno en base ao criterio da contraposición entre goberno despótico e moderado. A liberdade sería igual ao dereito de facer o que as leis permiten e a división de poderes conformaríase como o medio de garantir un equilibrio social na sociedade estamental.

Xa no marco do réxime monárquico orleanista de 1830, o liberalismo burgués posrevolucionario enfróntase a contradición entre os seus proclamas universais e a práctica dunha política centrada na defensa dos intereses das clases medias. (Prieto, 1996). Desta época sobresaen pensadores como B. Constant (1767-1830) ou A. de Tocqueville (1805-1859).

2.2.3. Liberalismo en Alemaña

En Alemaña, o liberalismo adquire os membros dunha crítica antiabsolutista en defensa dos dereitos e liberdades dos grupos estamentais, ou da garantía auténtica das liberdades dos individuos sobre o poder do Estado e os estamentos. Neste senso, o liberalismo desenvólvese, desde diversas posicións, en contra dos réximes de despotismo ilustrado característicos do goberno de moitos dos seus territorios. I. Kant (1724-1804) ou A. von Humboldt (1769-1859) sería dous dos representantes máis coñecidos desta corrente liberal alemá.

2.2.4 Liberalismo conservador

Como reacción aos feitos e formulacións acontecidos con ocasión da Revolución Francesa, unha serie de pensadores e políticos adoptarían unha postura que reivindicaría a necesidade de preservar o legado do antigo réxime no marco dunha nova orde política que garantise as liberdade e dereitos defendidos polo liberal. Neste senso, oponse en contraposición ao liberalismo radical, e conforma os dous entendementos polarizados do liberalismo no seo das sociedades políticas británica e norteamericana.

Na súa orixe, o liberalismo conservador sería un fenómeno anglosaxón. Oposto ao racionalismo ilustrado, predicaría unha noción da identidade e moralidade do individuo no seo das comunidades e grupos humanos que conforman a sociedade, unha sociedade concibida en termos de vínculos, morais e costumes tradicionais. Visión instrumental do estado, limitado, controlado e descentralizado. Caracterízase sobre todo por unha visión “prudencial” do cambio político opoñéndose encarnizadamente ao cambio radical do orde política. Neste senso, a estabilidade plasmada en mecanismos constitucionais e representativos duradeiros serían o obxecto da súa defensa (Rivero, 1998). A paternidade desta corrente sería

atribuída, erradamente ou non, a Edmund Burke, contemplado para moitos como o representante ou teórico primixenio do liberalismo conservador ou conservadorismo clásico. Asemade, a corrente que se deu en denominar liberalismo doutrinario, protagonista da era da Restauración francesa, e representada por figuras como H.B Constant (1767-1830), F. Guizot (1787-1874) tamén sería, a xuízo de moitos, unha clara manifestación de derivación conservadora do liberalismo moderno.

Xa no eido contemporáneo do século XX, a obra de M. Oakeshott (1901-1990), F. Hayek (1899-1992) ou R. Nozick (1938-2002) conformarían unha liña crítica respecto ao liberalismo progresista, con ideas tan paradigmáticas como a limitación do estado, a defensa da racionalidade oculta do mercado e o orde espontáneo ou a oposición ao concepto xustiza social, pero que, á súa vez, conxeniaría con moitas ideas que continuarían na liña da crítica conservadora ao liberalismo decimonónico.

2.3. Liberalismo radical ou moderno

En primeiro lugar, o que poderíamos denominar como liberalismo radical, ao igual que o liberalismo clásico, xorde igualmente do mesmo manancial de ideas ilustradas, confiaría na razón humana como o medio a través do cal organizar a sociedade, pero distanciárase deste en que non situaría ao individuo como unha condición da sociedade senón como un ideal ou un resultado que o Estado debe esporear. Por outra banda, ao igual que o liberalismo conservador, situaría ao individuo no seo da sociedade, dependendo en último sentido deste, tanto no tocante á súa identidade como á súa supervivencia. Igualitarista. Nos EUA, este liberalismo é nomeado como, simplemente, «liberal».

Nesta agrupación dentro da familia ideolóxica do liberalismo, é común atoparse con afirmacións en contra do individualismo metodolóxico, ou con ideas que sinalan a insuficiencia da idea do consentimento individual como base do goberno lexítimo. Asemade, moitos pensadores postularían unha noción de individualismo social sobre a cal se basearía a ampliación do concepto de cidadanía liberal, antes centrado nos dereitos civís e políticos, para incluír tamén os denominados dereitos sociais.

Á súa vez veremos como grazas á obra de autores finiseculares como T.H. Green (1836-1882), L.T. Hobhouse (1864-1929) ou J.A. Hobson (1858-1940) fornécese unha noción de liberdade positiva cuxos atributos persistirán en adiante nas correntes máis sociais do liberalismo.

Neste desenvolvemento do Liberalismo en proximidade en moitas ocasións co que podería denominarse socialdemocracia, atópase a contribución intelectual de J. M. Keynes (1836-1946) cuxo ataque á ortodoxia do *laisse-faire* na economía sentou as bases dunha potente crítica ao capitalismo sen renunciar ás súas premisas fundamentais. A persistencia do desemprego é interpretada por Keynes como unha sinal da incapacidade do sistema capitalista de corrixirse a si mesmo. Unha das solucións máis pregoadas da súa teoría económica incidiría sobre a importancia da demanda agregada no crecemento económico, entendendo por dita actuación o aumento do gasto gobernamental en determinadas partidas orzamentarias.

Sen caer na visión simplista de que nos atoparíamos ante un conxunto homoxéneo de ideas, esta corrente liberal sentaría as bases das ideas da economía e o benestar social, ideas que se materializan na provisión de servizos de benestar ou a xestión directa da economía. Asemade, sentaría as bases dunha nova comprensión do liberalismo dende a primacía do benestar da sociedade, isto é, de todos os individuos, sobre os fines particulares dalgúns destes. Por outra banda, o enfoque cara ao cambio social baséase na reforma gradual e paulatina das condicións das sociedades liberais, e non, por tanto, na súa transformación ou ruptura radical, apuntando así á mellora da sociedade e ao alcance de maiores cotas de xustiza social como obxectivos básicos dos poderes públicos. Neste senso, esta vertente da familia ideolóxica do liberalismo caracterizaríase pola súa sensibilidade social, por defender a intervención redistribuidora do estado, sentando así a idea de que a liberdade e o individualismo deféndense mellor dende ditos fundamentos. Neste senso, moitos relegarían a etiqueta liberal para este conxunto de ideas e visión caracterizándoas máis ben como pertencentes á socialdemocracia.

2.4. A reformulación contemporánea do Liberalismo

Como é coñecido, a guerra fría inaugura unha era de polarización política e tamén ideolóxica. Pero décadas antes á caída do comunismo no Leste de Europa, o liberalismo para moitos perfilárase definitiva e simplificada como unha ideoloxía dividida en dous vertentes: unha de cariz progresista e outra de cariz conservador. Porén, pese a que un e outro darían en xirar respectivamente en torno ás nocións de liberdade positiva e liberdade negativa, veremos como, para moitos liberais, ditas nocións poderíane e, incluso, deberían necesariamente vincularse.

2.4.1. Liberalismo progresista ou social

Neste apartado estudarase as ideas fundamentais da proposta do teórico político John Rawls (1921-2002) dun liberalismo que reconcilie, dende unha perspectiva neo-contractualista, o valor do individualismo cos principios redistributivos da xustiza social. A partir da evolución do seu pensamento nas súas contribucións teóricas principais, Rawls formula conceptos e principios que fornecen unha parte inevitable non só do liberalismo contemporáneo senón de toda a teoría política, como o veo da ignorancia, a noción de igualdade como equidade, ou o principio da diferenza.

2.4.2. O neoliberalismo

O neoliberalismo acúñase en tanto termo no contexto da Guerra Mundial no seo da denominada Escola de Friburgo. Nos setenta moitos economistas, sobre todo en Latino América, adoptarían o termo, o cal adquiriría na década dos noventa o seu sentido pexorativo en virtude das críticas de esquerdas ao denominado Consenso de Washington. Segundo os seus defensores, o neoliberalismo trataría de revivir a

antiga tradición clásica liberal fronte ao que considerarían unha perversión de ditos ideais polas correntes que ampliaron o concepto de liberdade aproximándoo á noción de igualdade. Porén, verase como o neoliberalismo se roderaría dunha serie de conceptos e significados que o distanciarían das formulacións de liberais clásicos do pensamento económico como o propio Adam Smith. Neste senso, estudaremos a partir da obra de dous grandes representantes desta reformulación do pensamento liberal como son Milton Friedman, Ludwig von Mises ou Friedrich Hayek.

3. Liberalismo no século XXI

No século XX o liberalismo adopta o cariz dunha meta-ideoloxía que cumpre a función dunha sorte de metalinguaxe universal e transversal no debate público, nunha ideoloxía dominante da que pode afirmarse que forxou, e á par reflicte, a esencia dos sistemas políticos, sociais e económicos de Europa Occidental. (Bellamy, 2003)

Neste senso, ante feitos como a caída do réxime soviético, numerosos teóricos, como sería o caso máis coñecido de Fukuyama anunciarían, convencidos do predominio indiscutible do liberalismo en tanto único horizonte posible da orde política das sociedades contemporáneas, a “fin das ideoloxías”.

Porén outros pensadores cuestionarían seriamente dita tese e mergullaríanse nunha serie de debates nos que se manexaría a idea de que o liberalismo, lonxe de ser unha ideoloxía incuestionable, estaría sometida a numerosas presións que arriscarían coa súa idoneidade á hora de afrontar os problemas das sociedades políticas contemporáneas. Para algúns, esta afirmación equivalería á crise do liberalismo en tanto visión ideolóxica e teoría política; para outros, en cambio, dita situación esixiría a continuación dos debates intelectuais dentro do liberalismo así como o adoptar certas modificacións do seu groso teórico cara á súa adaptación aos novos retos.

Un destes retos, un dos máis estudados na literatura, sería o pluralismo, na súa dobre vertente de feito e conxunto de ideas e posicións axiolóxicas. Simplificando, o pluralismo alude ao trazo da diversidade de formas de vida nas sociedades contemporáneas así como a postura teórica de que non existen valores últimos e superiores, tan só bens e valores inconmensurables. O liberalismo postularía non só a primacía da liberdade senón, en súas diversas modalidades, un ordenamento de valores e bens. O pluralismo como feito e como conxunto de propostas normativas situaría así en dificultade as posibilidades xustificatorias do liberalismo. En paralelo, o multiculturalismo, tamén en tanto reto empírico e teórico situaría nun primeiro plano o problema de cómo conciliar as diferenzas culturais co a preservación das posibilidades de autonomía crítica do individuo mantendo o compromiso co pluralismo e a tolerancia (Eccleshall, 1994).

Por outra banda, o auxe dos fundamentalismos, os etnicismos e os nacionalismos autoritarios urxirían ao liberalismo a adaptar e matizar as súas nocións acerca de cuestións como a relación entre o individuo e os grupos ou colectivos.

Asemade tería que fornecer os seus supostos teóricos fundamentais fronte o auxe de novas ideoloxías colectivistas e idearios con valores abertamente non liberais.

Finalmente o liberalismo recibe a crítica de correntes de pensamento feministas, comunitaristas e postmodernas que, dende diversos planos, inciden tamén no recoñecemento da diferenza e diversidade desgastando os fundamentos liberais do individuo abstracto e os dereitos universais (Heywood, 2012).

AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual

Ao remate de cada sesión interactiva o alumnado, de modo individual ou en grupo segundo o caso, entregará os resultados do seu traballo previamente comentado e debatido na aula. Os resultados destas probas avaliaranse tendo en conta o grao en que o alumnado é capaz de aplicar os conceptos e teorías aprendidos nas clases, a capacidade de desenvolver unha postura teórica propia e de analizar e razoar criticamente os supostos, textos ou documentos propostos.

2. Avaliación final

Os contidos teóricos desta unidade didáctica avaliaranse no exame final conxuntamente co resto de contidos da materia. Constituindo boa parte dos contidos desta unidade didáctica, xunto aos da seguinte, un eixe importante do bloque de ideoloxías políticas dentro da materia, a súa avaliación pode, segundo o caso, ser transversal á realización das preguntas ou dos exercicios de carácter teórico-práctico que sexan o obxecto do exame final.

BIBLIOGRAFÍA

- ABELLÁN, Joaquín (1998): «Liberalismo clásico de (Locke a Constant)» en MELLÓN, Joan Antón (1998): *Ideoloxías y movimientos políticos contemporáneos*. Madrid: Tecnos, 13-46.
- ANTÓN, Joan (2005). «El liberalismo» en CAMINAL, Miquel (2005) *Manual de Ciencia Política*, Madrid: Tecnos, 103-123
- BELLAMY, Richard (2003): «The liberal democratic state: defences and developments». en BALDWIN, Thomas (ed) (2003): *The Cambridge history of Philosophy 1870-1945*, Cambridge: Cambridge University Press, 744-755.
- BLANCO VALDÉS, Roberto Luis. (2006): *El valor de la Constitución: separación de poderes, supremacía de la ley y control de constitucionalidad en los orígenes del Estado liberal*. Madrid: Alianza editorial.
- ECCLESHALL, Robert (1994): *Political ideologies: an introduction*. Psychology Press.
- FREEDEN, Michael (1996): *Ideologies and political theory: A conceptual approach*, Oxford: Oxford University Press

- GARCÍA, Elena (1998): «El discurso liberal: democracia y representación». En DEL ÁGUILA, Rafael et al. *La democracia en sus textos* Madrid: Alianza.
- GRAY, John (1995): *Liberalism*. Minneapolis: University of Minnesota
- HEYWOOD, Andrew (2012): *Political ideologies: An introduction*. London: Palgrave Macmillan.
- MILLER, David (Ed.). (1991): *Liberty* Oxford: Oxford University Press.
- PRIETO, Fernando (1996): *Manual de historia de las ideas políticas*. Madrid: Unión Editorial.
- RIVERO, Ángel (1998): «Liberalismo conservador (de Burke a Nozick)» en MELLÓN, Joan Antón (1998): *Ideologías y movimientos políticos contemporáneos*. Madrid: Tecnos, 47-64.
- VALLESPÍN, Fernando (1997): «El estado liberal» en DEL ÁGUILA, Rafael (1997): *Manual de Ciencia Política*, Madrid: Trotta.

ANEXOS

1. Exemplos de textos

Comentario de Texto 1)

Como os homes son todos libres por natureza, iguais e independentes, ningún pode ser privado desa condición e posto baixo o poder político doutro sen o seu propio consentimento. O único modo en que alguén se priva a si mesmos da súa liberdade natural e sométese ás ataduras da sociedade civil, é mediante un acordo con outros homes, segundo o cal todos se unen formando unha comunidade, ao fin de convivir os uns cos outros dunha forma comfortable, segura e pacífica, aproveitando sen risco das súas propiedades respectivas e mellor protexidos fronte quen non forman parte de dita comunidade [...] Así, cando un grupo de homes consente formar unha comunidade ou goberno, quedan incorporados nun corpo político no que a maioría ten o dereito de actuar e decidir en nome de todos.

LOCKE, John. (1994 [1689]): *Segundo tratado sobre el gobierno civil*. Madrid: Alianza Editorial. (fragmento traducido ao galego)

Cando o poder lexislativo se atopa unido ao poder executivo na mesma persoa ou no mesmo corpo, non hai liberdade porque se pode temer que o monarca ou o senado promulguen leis tiránicas para facelas cumprir tiranicamente. [...] Tampouco hai liberdade se o poder xudicial non está separado do lexislativo nin do executivo. Se vai unido ao poder lexislativo, o poder sobre a vida e a liberdade dos cidadás sería arbitrario, pois o xuíz sería ao mesmo tempo lexislador. Se vai unido ao poder executivo, o xuíz podería ter a forza dun opresor.

MONTESQUIEU, Charles de Secondat (1998 [1748]): *El Espíritu de las Leyes*. Madrid: Editorial Tecnos. (Libro XI, Cap VI, De la Constitución de Inglaterra. Del espíritu de las leyes.) (fragmento traducido ao galego)

A natureza colocou ao home baixo o goberno de dous amos soberanos, o dor e o pracer: só eles poden indicar o que debemos facer e determina o que imos facer.

Ao seu trono atopasen ligados tanto o criterio do xusto o o inxusto como a cadea das causas e os efectos. Góbernanos en todo o que dicimos, facemos e pensamos.[...] O principio de utilidade recoñece dita subxección e asúmea para fundar o sistema cuxo obxecto é crear a felicidade mediante a razón e o dereito. O principio de utilidade é aquel que aproba ou desaproba una acción segundo a tendencia que asemella ter para aumentar ou diminuír a felicidade do suxeito de que se trate; ou noutras palabras, segundo promova a felicidade ou se opoña a ela. Digo de calquera acción, e por tanto, non só dunha acción privada, senón tamén de calquera medida de goberno.

BENTHAM, Jeremy (1789) *An introduction to the principles of Morals and Legislation* (fragmento traducido ao galego)

Dispoñible en: <https://archive.org/details/introductiontoth033476mbp>

Pero o ingreso anual da sociedade é precisamente igual ao valor en cambio do total do produto anual das súas actividades económicas, ou mellor dito, identifícase con el mesmo. Agora ben, como calquera individuo pon todo o seu empeño en empregar o seu capital en soste a industria doméstica, e dirixida á consecución do produto que rende máis valor, resulta que cada un deles colabora dunha maneira necesaria na obtención do ingreso anual máximo para a sociedade. Ningún se propón, polo xeral, promover o interese público, nin sabe até que punto o promove. Cando prefire a actividade económica do seu país á estranxeira, unicamente considera a súa seguridade e cando dirixe a primeira de tal forma que o seu produto represente o maior posible, só pensa na súa ganancia propia, pero neste como noutros moitos casos, é conducido por unha man invisible a promover un fin que non entraba nas súas intencións. Mais non implica mal ningún para a sociedade que tal fin non entre a formar parte dos seus propósitos, pois ao perseguir o seu propio interese, promove o da sociedade dunha maneira máis efectiva que se isto formase parte dos seus designios. Non son moitas as cosas boas que vemos executadas por aqueles que presumen de servir só o interese público. Pero esta é una afectación que non é moi común entre comerciantes, e bastan moi poucas palabras para persuadirlos desa actitude.

SMITH, Adam (2002 [1776]): *La riqueza de las naciones*. Madrid: Alianza Editorial. (fragmento traducido ao galego)

Non existe ningunha razón pola que a existencia humana deba ser construída seguindo algún pequeno número de patróns. Se unha persoa posúe algunha cantidade tolerable de sentido común e experiencia, o seu propio modo de deseñar a súa existencia é o mellor, non porque sexa o mellor en si, senón porque é o seu propio modo. Os seres humanos non son como ovellas; e incluso as ovellas non son indistinguibles entre elas.

MILL, John Stuart (1997): *Sobre la libertad*. Madrid: Alianza Editorial. (fragmento traducido ao galego)

Desfagámonos dos principios metafísicos e xerais sobre os que, de tempo en tempo, o laissez faire foi baseado. Non é certo que os individuos posúan unha liberdade natural prescritiva nas súas actividades económicas. Non existe un acordo

que confira dereitos a perpetuidade a aqueles que teñen ou adquiren. O mundo non está gobernado dende abaixo de modo que os intereses sociais e privados sempre coincidan.[...] Non existe una dedución correcta dende os principios económicos que guíe sempre o interese propio cara aos intereses público. Nin é certo que o interese propio sexa sempre "ilustrado"; a miúdo os individuos actúan separadamente para promover os seus propios fins e son moi ignorantes ou moi débiles para acadalos. A experiencia non mostra que os individuos, cando actúen nunha colectividade, sexan menos lúcidos que cando o fagan separadamente.

KEYNES, John Maynard (1963): *Essays in persuasion*. New York: WW Norton & Company. (fragmento traducido ao galego)

Preguntas para orientar o comentario:

1) Contextualice en primeiro lugar as palabras de cada fragmento no conxunto do pensamento de cada un dos seus autores respectivos, e sitúe o mesmo nos seus correspondentes escenarios do percorrido xeográfico e histórico do liberalismo.

2) Que fundamentos morais, políticos e económicos caracterizan cada unha das diversas expresións liberais recollidas?

3) Que nocións da natureza humana e do individuo acompañan ditas ideas? Que tipo de relacións entre o goberno ou sociedade e o individuo se postula?

4) Valore criticamente e compare as nocións de liberdade manexadas e relacións co percorrido histórico-político do liberalismo, comentando a modo de síntese as diferentes tensións existentes no seo da familia ideolóxica do liberalismo.

5) Tendo en conta as nocións procedentes doutras ideoloxías e correntes de pensamento, sitúe ditas nocións de liberdade no seo dos debates contemporáneos da teoría política.

Comentario de Texto 2)

Ao réxime de liberdade pura —a sociedade libertaria— pódese describir como unha sociedade na que non se «distribúen» os títulos de propiedade, é dicir, na que ninguén perturba, menoscaba, viola ou se interfire nos dereitos de propiedade que as persoas teñen sobre si mesmas ou sobre outros bens tanxibles. E isto significa que pode gozar de liberdade absoluta, entendida no seu sentido social, non só Crusoe na súa illa solitaria, senón calquera persoa en calquera sociedade, sexa cal fose o seu nivel de progreso ou a súa complexidade. Todo home goza, en efecto, de absoluta liberdade —de liberdade pura— se, como lle acontece a Crusoe, as súas propiedades «naturais» (sobre a súa persoa e sobre os bens tanxibles) están a salvo de invasións ou de inxurias por parte doutros homes. E vivindo nunha sociedade de intercambios voluntarios, cada persoa pode, por suposto, gozar de liberdade absoluta non ao estilo do solitario e illado Crusoe, senón nun entorno de civilización, de harmonía, de sociabilidade e de produtividade incomparablemente superior en virtude dos intercambios de propiedade cos seus semellantes. [...] Se contemplamos con mirada fría e lóxica a teoría do «gobierno limitado», poderemos advertir que se trata dunha quimera, xa que desenvolve unha «utopía» inconsistente e irreal.

En primeiro lugar, non hai razón ningunha para supor que unha vez que a «familia Álvarez» —ou os gobernantes estatais— consigan facerse co monopolio forzoso da violencia, dito monopolio «limitarse» á protección das persoas e as propiedades. O feito certo, testemuñado pola historia, é que os gobernos non respectaron nunca estas «limitacións». E hai moi boas razóns para dar por suposto que nunca o farán. [...] No mercado libre é unha gozosa realidade que a maximización da riqueza dunha persoa ou dun grupo redunde en beneficio de toda a comunidade; pero no reino da política, no eido do Estado, a maximización da renda e da riqueza acontece de modo parasitario, en beneficio exclusivo do Estado e dos seus dirixentes, e a expensas do resto da sociedade.

ROTHBARD, Murray (1995 [1982]): *Ética de la libertad*. Madrid: Unión Editorial. (fragmento traducido ao galego)

Preguntas para orientar o comentario:

1) Que noción de liberdade defende Rothbard? ¿Que condicións esixiría a liberdade? Dende que tipo de bases cres que está xustificando a liberdade: utilitaristas ou de dereito natural? Argumente a súa resposta describindo o significado implícito nos fragmentos de nocións políticas relacionadas como poder, política, ou igualdade.

2) Compare a súa noción de liberdade e a súa noción de estado coa defendida por unha banda con pensadores neoliberais como Hayek ou Mises e por outra con pensadores liberais clásicos. Contra que correntes de pensamento defende o autor as súas ideas? Como caracterizaría en termos de familias ideolóxicas o seu pensamento?

3) Está de acordo o autor co ideal representativo e democrático de goberno? Asígnalle ao Estado algunha función? Que institucións fornecerían o ordenamento social segundo o seu esquema ideolóxico?

4) Caracterizaría o seu pensamento como utópico?

Comentario de Texto 3)

O pluralismo, co grao de liberdade «negativa» que leva consigo, parécese un ideal máis verdadeiro e máis humano que os fins daqueles que buscan nas grandes estruturas autoritarias e disciplinadas o ideal do autodomínio «positivo» das clases sociais, dos pobos ou de toda a humanidade. É máis verdadeiro porque, polo menos, recoñece o feito de que os fins humanos son múltiples, non todos eles conmensurables, e están en perpetua rivalidade uns con outros. Supoñer que todos os valores poden pórse nos diferentes grados dunha soa escala, de forma que non faga falta máis que mirar a esta para determinar cal é o superior, parécese que é falsificar o coñecemento que temos de que os homes son axentes libres, e representar as decisións morais como operacións que, en principio, puidesen realizar as regras de cálculo. Dicar, que nunha última síntese que todo o reconcilia, pero que é realizable, o deber é interese, ou que a liberdade individual é democracia pura ou un estado totalitario, é botar unha manta metafísica ben sobre a inxenuidade ou sobre unha hipocrísia deliberada. É máis humano porque non priva aos homes (en nome dalgún

ideal remoto ou incoherente —como son privados por quen constrúen sistemas— de moito do que ven que é indispensable para a súa vida como seres humanos que se transforman a si mesmos de forma imprevisible. En último termo, os homes elixen entre diferentes valores últimos, e elixen desa forma porque a súa vida e o seu pensamento están determinados por categorías e conceptos morais fundamentais que, polo menos en grandes unidades de espazo e tempo, son parte do seu ser, do seu pensamento, e do sentido que teñen da súa propia identidade; parte do cal failles humanos.

BERLIN, Isaiah (1998): *Cuatro ensayos sobre la libertad*. Madrid: Alianza. (fragmento traducido ao galego)

Preguntas para orientar o comentario:

- 1) A que está referíndose o autor cando alude á liberdade negativa e a liberdade positiva?
- 2) Como e contra que tipo de visión constrúe o autor a súa noción de liberdade?



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA